



O Instituto da Xuventude convoca axudas de carácter plurianual correspondentes ao ano 2012 a proxectos no marco do [Programa](#) de acción comunitario «A xuventude en acción».

*Contías:*

Acción 1.1 (Intercambios Juveniles): 2.010.418 €

Acción 1.2 (Iniciativas Juveniles): 756.270 €

Acción 1.3 (Proyectos de democracia participativa): 460.064 €

Acción 2.1 (Servicio Voluntario Europeo): 2.430.089 €

Acción 3.1 (Cooperación con Países Vecinos): 539.599 €

Acción 4.3 (Formación y Proyectos en Red): 472.905 €

Acción 5.1 (Encuentros de jóvenes y responsables de políticas de juventud): 398.869 €

O programa de acción comunitario «A xuventude en acción» ten por *obxecto* desenvolver a cooperación no ámbito da xuventude na Unión Europea, cos seguintes obxectivos xerais:

- a) Promover a cidadanía activa entre mozos, en especial a europea.
- b) Potenciar a solidariedade e promover a tolerancia.
- c) Favorecer o entendemento mutuo entre mozos
- d) Contribuír a mellorar a calidade dos sistemas de apoio ás actividades de mozos e reforzar a capacidade das organizacións da sociedade civil no ámbito da xuventude.
- e) Favorecer a cooperación europea no ámbito da xuventude

*Requisitos* para solicitar a subvención e formas de acreditación.

Terán a consideración de solicitantes, tanto as persoas físicas representantes dun grupo de mozos non asociados coma as entidades ou organizacións que concorran á presente convocatoria sempre que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar debidamente inscrita no correspondente Rexistro administrativo.
- b) Ter xustificado, se é o caso, suficientemente, as axudas económicas recibidas con anterioridade do Ministerio de Igualdade así como de axudas recibidas no marco dos programas de acción comunitario «Xuventude» ou «A xuventude en acción».
- c) Dispoñer da estrutura e capacidade abondo para garantir o cumprimento dos obxectivos, acreditando a experiencia operativa necesaria para iso.
- d) Terán a consideración de persoas xurídicas para estes efectos:
  1. As organizacións sen ánimo de lucro e asociacións legalmente establecidas.
  2. Os Organismos Públicos a nivel local, rexional ou nacional, implicados no traballo xuvenil.
  3. Os grupos de mozos. Neste caso, un/a dos/ás mozos do grupo (o ou a representante do devandito grupo) asumirá a responsabilidade de presentar a solicitude e de asinar a declaración de compromiso da axuda en caso de concesión

As solicitudes deberán ser cumpridas e enviadas de forma electrónica de acordo cos modelos que figuran na dirección de Internet: <http://www.juventudenaccion.injuve.es> . Para completar a solicitude, será necesario imprimir e asinar unha copia en formato papel e dirixila á Dirección Xeral do Instituto da Xuventude

*Prazos:*

Para proxectos que empezan entre 1 de maio e 31 de outubro de 2012: *1 de febreiro de 2012.*

Para proxectos que empezan entre 1 de agosto de 2012 e 31 de xaneiro de 2013: *1 de maio de 2012*

Para proxectos que empezan entre 1 de xaneiro e 30 de xuño de 2013: *1 de outubro de 2012.*

Máis información no BOE do 11 de xaneiro de 2012 e en [www.juventudenaccion.injuve.es](http://www.juventudenaccion.injuve.es)